



DATOS IDENTIFICATIVOS

Seminario de lingüística aplicada: Desafíos actuais no estudo da linguaxe e as linguas

Materia	Seminario de lingüística aplicada: Desafíos actuais no estudo da linguaxe e as linguas			
Código	V01G430V01706			
Titulación	Grao en Filloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.gal			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición	Coñecer os fundamentos teóricos, a conceptualización e a metodoloxía da sociolingüística política xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código			
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.		
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.		
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.		

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento das bases teóricas, os conceptos e os métodos da lingüística política.	A2	B2
Resolución de problemas prácticos nos que a linguaxe ocupa un lugar central.	A3	B8

Contidos

Tema		
1. Fundamentos teóricos da Lingüística Política	1.1 Por que unha Lingüística Política? 1.2 Cuestións ontolóxicas, epistemolóxicas e metodolóxicas. 1.3 Breve aproximación ao sistema-mundo actual.	
2. As relacións sociais de significación	2.1 O significante como valor de cambio: significantes flotantes e baleiros e o escorregamento metonímico dos significados. 2.2 O proceso de «naturalización» do ideolóxico e a construción retórica da narrativa dominante (e da sociedade). 2.3 Palabras chave nas sociedades contemporáneas.	

3. Linguaxe, control e poder simbólico	3.1 A economía dos intercambios lingüísticos. 3.2 O habitus e a mercantilización das linguas. 3.3 A dominación simbólica.
4. O "multilingüismo" como hexemonía neoliberal	4.1 A fetichización das linguas (e o seu ensino-aprendizaxe). 4.2 A racialización lingüística. 4.3 O imperialismo e os dereitos lingüísticos na diversidade liberal.
5. Subxectividade lingüísticas	5.1 O suxeito neoliberal e resiliente. 5.2 O suxeito crítico.
6. Por unha educación lingüística crítica	6.1 A educación lingüística e a minoría de idade. 6.2 A radical transformación cara a unha alfabetización emancipadora da linguaxe.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminario	6	40	46
Lección maxistral	21	0	21
Resolución de problemas	12	0	12
Debate	6	6	12
Estudo de casos	4	40	44
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión encamiñada a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado, avaliar o punto de partida e presentar a materia.
Seminario	Cada seminario está enfocado ao traballo sobre un texto específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. O alumnado deberá facer unha lectura exhaustiva, entregar con antelación á celebración de cada debate un documento que inclúa un resumo, unha avaliación crítica e unhas preguntas para debater. En total serán tres seminarios.
Lección maxistral	Introdución conceptual aos contidos de cada un dos temas.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	
Estudo de casos	

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	O alumnado deberá facer unha lectura exhaustiva dos textos propostos. Ademais, deberá entregar con antelación á celebración de cada seminario un breve documento que inclúa un resumo, unha avaliación crítica e unhas preguntas para discutir no seminario. Para obter a máxima cualificación nesta metodoloxía é imprescindible a asistencia e a participación activa nas sesións.	25	A2 B2 A3 B8
Resolución de problemas	Valorarase especialmente a resolución creativa das prácticas e dos estudos de caso proposta, a partir dos coñecementos adquiridos nas sesións maxistrais	15	A2 B2 A3 B8
Debate	Valorarase a capacidade argumentativa rigorosa, afastada do ultracrepidarianismo, dos prexuízos e da banalidade	15	A2 B2 A3 B8

Estudo de casos	Terase en conta o enfoque teórico e metodolóxico, alén das solucións achegadas nas problemáticas elixidas para os estudos de caso.	30	A2 A3	B2 B8
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado responderá por escrito, de xeito conciso e razoado, as cuestións que se lle expoñan no exame.	15	A2 A3	B2 B8

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

1.1. Avaliación continua

Na avaliación continua, a nota final calcularase a partir da media das notas obtidas nas metodoloxías de avaliación. As probas non realizadas contarán coma un cero. A nota media mínima para aprobar a materia é de 5.

O **exame** terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade para a primeira edición das actas.

O alumnado que non consiga superar a materia nesta primeira edición das actas, será avaliado na segunda edición das actas mediante un exame único baseado en todos os contidos da materia.

Todas as probas cualificaranse tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística e o seu rigor académico.

É responsabilidade do alumnado facer un seguimento da materia a través de Moovi e estar ao tanto das datas de realización das probas.

1.2. Avaliación única

Excepcionalmente, haberá unha modalidade de **avaliación única** na primeira edición de actas, só para aquelas/es estudantes que por motivos xustificadas non poidan facer un seguimento regular da materia. Neste caso, a/o alumna/o deberá comunicarllo á profesora argumentadamente ao comezo do cuadrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase). O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non se poderá acoller en ningún caso á modalidade de avaliación única.

A avaliación constará dun exame global baseado nos contidos da materia e cuxa nota constituirá o 100 % da cualificación final. A nota mínima para aprobar este exame será de 5. Este exame terá lugar despois do período de docencia, na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de Moovi.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Tanto na avaliación única coma na continua, na **segunda edición de actas (xuño-xullo)** a avaliación levarase a cabo mediante un **exame único**, baseado en todos os contidos da materia e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. A nota mínima para aprobar este exame será de 5. Este exame terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bourdieu, Pierre, **¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos**, Akal, 1985

Gallardo Paúls, Beatriz, **Signos rotos. Fracturas de lenguaje en la esfera pública**, Tirant, 2022

LLopis, Rodrigo, **La batalla por el lenguaje**, Trea, 2022

Niño-Murcia, Mercedes; Zavala, Virginia e De los Heros, Susana (ed.), **Hacia una sociolingüística crítica. Desarrollos y debates**, Instituto de Estudios Peruanos, 2020

Voloshinov, Valentín, **El marxismo y la filosofía del lenguaje**, Godot, 2009

Williams, Raymond, **Palabras clave: un vocabulario de la cultura y la sociedad**, Ediciones Nueva Visión, 2003

Bibliografía Complementaria

Block, David, **Political Economy and Sociolinguistics**, Bloomsbury, 2018

Blommaert, Jan, **The Sociolinguistics of Globalization**, Cambridge, 2010

Chun, Christian W., **The Discourses of Capitalism**, Routledge, 2017

Cisneros Estupiñán, Mireya (coord.), **Gltopolítica latinoamericana: tendencia y perspectivas**, Universidad tecnológica de Pereira, 2020

Giroux, Henry A., **Pedagogy of Resistance: Against manufactured ignorance**, Bloomsbury, 2022

Heller, Monica e McElhinny, Bonnie, **Language, capitalism, colonialism: toward a critical history**, University of Toronto Press, 2017

- Ish-Shalom, Piki (ed.), **Concepts at work. On the Linguistic Infrastructure of World Politics**, University of Michigan Press, 2021
- Klemperer, Victor, **LTI. La lengua del Tercer Reich: apuntes de un filólogo**, Editorial Minúscula, 2001
- Kramsch, Claire, **Language as Symbolic Power**, Cambridge University Press, 2021
- Laclau, Ernesto, **Los fundamentos retóricos de la sociedad**, Fondo de Cultura Económica, 2014
- Latouche, Serge, **Lingüística y economía política**, Rodolfo Alonso, 1975
- Laval, Christian e Dardot, Pierre, **La nueva razón del mundo**, Gedisa, 2013
- Leary, John Patrick, **Keywords: The new language of capitalism**, Haymarket books, 2018
- Macedo, Donald; Dendrinis, Bessie e Gounari, Panayota, **Lengua, ideología y poder. La hegemonía del inglés**, Graó, 2005
- Malandrino, Anna, **Migrant Languages in Education. Problems, Policies, and Politics**, Palgrave Macmillan, 2023
- Martín Rojo, Luisa e Pujolar, Joan (ed.), **Claves para entender el multilingüismo contemporáneo**, Universidad de Zaragoza, 2020
- O'Regan, John P., **Global English and Political Economy**, Routledge, 2021
- Pêcheux, Michel, **Las verdades evidentes. lingüística, semántica, filosofía**, Centro cultural de la cooperación, 2016
- Pennycook, Alastair, **Critical applied linguistics**, Routledge, 2021
- Ponzio, Augusto, **Producción lingüística e ideología social**, Alberto Corazón, 1974
- Ponzio, Augusto, **Linguaggio, lavoro e mercato globale**, Mimesis, 2008
- Ramallo, Fernando, **O cumprimento da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias**, Universitat de València, 2022
- Rancière, Jacques e Bassas, Javier, **El litigio de las palabras. Diálogo sobre la política del lenguaje**, Ned ediciones, 2019
- Rossi-Landi, Ferruccio, **El lenguaje como trabajo y como mercado**, Monte Avila, 1972
- Samy Alim, H.; Rickford, John R. y Ball, Arnetta F. (ed.), **Raciolinguistics. How language shapes our ideas about race**, Oxford University Press, 2016
- Simpson, William, **Capital, Commodity, and English Language Teaching**, Routledge, 2023

Recomendacións

Outros comentarios

Nesta materia, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.

Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas horas de traballo persoal fóra da aula. Xa que logo, recoméndase firmemente o estudo diario da materia, así como a lectura atenta de todos os materiais proporcionados ao longo do desenvolvemento das aulas.

O alumnado deberá ter acceso a Moovi e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que este será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais por parte do docente.

Recoméndase encarecidamente o uso dos recursos da biblioteca universitaria.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
